




**Datos Do Expediente:**

EXPEDIENTE XENERICO		
Unidade Tramitadora:		
Promocion Economica - MCLS		
Número expediente:	Documento:	
 ECO/21/2022	 ECO16I08B	
202V3A5X354E296J0M1C		
		

CONVENIO COA CONFRARÍA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL EN MATERIA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Capítulo 1. Identificación dos subscriptores do convenio e capacidade xurídica:

Dunha parte: Dona Marián Ferreiro Díaz, con DNI 32662709H, na súa condición de alcaldesa-presidenta do Concello de Narón, con CIF P-1505500-G e con enderezo a efectos de notificacións, na Praza de Galicia, s/n, 15570, Narón.

Doutra parte, Dna. M^a Isabel Maroño Vázquez, con DNI: 32707649-Q, Patroa Maior. Actúa en nome e representación da Confraría de Pescadores e Mariscadores de Ferrol, con CIF G15035116 e enderezo social a efectos de notificacións no Edificio Lonxa-Muelle Curuxeiras, s/n (15401-Ferrol).

Capítulo 2.- Fundamento do Convenio

Os municipios de Narón, Ferrol, Neda ou Fene, comparten numerosas infraestruturas e servizos, sendo a propia ría de Ferrolterra un elemento natural de cohesión, desenvolvemento social, económico e de emprego.

Tras diversas actuacións de saneamento levadas a cabo nos Concellos de Fene, Mugardos e Ares, o catorce de xullo de 2013, a Xunta de Galicia, a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, os Concellos de Ferrol e Narón e a Sociedade Estatal Augas de las Cuencas del Norte, S. A., asinaron un Convenio para a construción e explotación da actuación denominada "Interceptores Xerais da Marxe Dereita da Ría de Ferrol", coa que se pretende rexenerar aquela importante fonte de riqueza litoral, evitando a secular situación de incontrolados verquidos ás súas augas. Esta obra ten continuidade noutra actuación conveniada por este Consistorio con outras administracións públicas e aquela sociedade mercantil, a fin de estender o saneamento ata o veciño municipio de Neda.



Entre as actividades produtivas vinculadas á nosa ría, o marisqueo ocupa un lugar destacado, tanto polo número de familias economicamente dependentes desa encomiable tarefa, como polo propio volume de riqueza que aquel supón. É a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, (modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro), a que define o marisqueo como o exercicio da actividade extractiva, desenvolvida a pé ou a flote, na zona marítima ou marítimo-terrestre, dirixido de modo exclusivo e con artes selectivas e específicas á captura dunha ou varias especies de moluscos, crustáceos, tunicados, equinodermos e outros invertebrados mariños, con fins de comercialización.

O Concello de Narón, dentro do estreito marxe que habilita a normativa nesta materia, está a apoiar a actividade económica e o tecido industrial da nosa comarca, e é consciente da trascendencia deste sector económico. Así, a través deste convenio cristálzase o desexo deste Concello en participar activamente no fomento e desenvolvemento das funcións propias dese organismo (que aglutina no seu seo, directa ou indirectamente, a numerosas familias naronesas), a través de medidas de intervención administrativa que contribúan na acción dese colectivo cara fins de interese xeral mediante o outorgamento de incentivos, como son as subvencións públicas.

Capítulo 3.- Obxecto

É obxecto deste documento fixar o establecemento dun marco de cooperación entre o Concello de Narón e a Confraría de Pescadores e Mariscadores de Ferrol, para contribuír aos gastos de funcionamento desta entidade, a fin de apoiar o desenvolvemento sostible da súa actividade ao longo do presente exercicio 2022, en atención ao incontestable interese público da actividade exercitada que afecta ao redor de oitocentas familias, e contribúe coa súa produción e posterior distribución, ao mantemento de postos de traballo e ao progreso de tan importante sector económico.

O presente convenio contribuirá ao desenvolvemento das funcións propias da confraría, de acordo cos seus estatutos:

1. Como órgano de consulta e colaboración coa Administración:

- Orientar a todos os seus membros sobre as accións derivadas da aplicación da normativa concernente ao sector pesqueiro e, en particular, sobre axudas,



subvencións e programas establecidos pola Administración Pública.

- Actuar como oficinas públicas, no referente á recepción, rexistro e tramitación de documentación dirixida á Administración da comunidade Autónoma, cando expresamente así se estableza en virtude de disposición regulamentaria.

- Promover actividades de formación dos profesionais nas actividades referidas á pesca.

- Servirle como entidade de consulta á administración en todas as cuestións concernentes ao sector, en especial na elaboración das disposicións de carácter xeral que lle sexan sometidas.

- Elevarlle á Administración propostas sobre materias de interese pesqueiro e, en particular, sobre aquelas accións tendentes a mellorar as condicións técnicas, económicas e sociais da actividade pesqueira.

- Promover a creación de servizos comúns para os seus membros.

- Velar polo estrito cumprimento da normativa vixente en materia de pesca, de descarga, primeira venda e de comercialización dos recursos mariños.

- Colaborar coa Administración na elaboración das estatísticas do sector pesqueiro e marisqueiro e, en particular, remitir á Consellería competente en materia de pesca os datos relativos á descarga e primeira venda dos recursos mariños en fresco, no prazo máximo de dous días e na forma determinada regulamentariamente.

2. Así mesmo, na defensa dos intereses profesionais, correspóndenlle as funcións de:

- Promover a creación de servizos sociais, recreativos, culturais ou análogos para os seus membros.

- Xestionar as áreas da zona marítima e marítimo-terrestre que lle foran confiadas mediante o título administrativo habilitante correspondente, expedido pola administración competente.

- Xestionar a administrar aqueles bens patrimoniais que lle sexan cedidos por calquera administración pública para o cumprimento dos seus fins.

- Responsabilizarse da vixancia da zona de dominio público marítimo e marítimo-



terrestre que lle foran confiadas para o seu aproveitamento.

- Administrar os seus propios recursos e patrimonio.
- Promover a execución de plans de capturas, concentrar a oferta e regularizar prezos.
- Establecer os plans de produción e comercialización co fin de mellorar a calidade dos produtos e adaptar o volume da oferta ás esixencias do mercado.
- Adoptar as medidas necesarias para a aplicación da política pesqueira comunitaria que sexan de competencia dos produtores.
- Fomentar o movemento asociativo como instrumento para a consecución dos obxectivos de ordenación e potenciación do sector.
- Prestar servizos de carácter xeral aos socios.

3. Desenvolver aquelas outras funcións que lle sexan atribuídas ou encomendadas pola administración pública.

Durante o período de vixencia do convenio, o Concello de Narón achegará:

- A achega económica reflectida no capítulo 6.
- Recursos humanos: asesoramento técnico-administrativo de Asistencia á Secretaría en todo o relacionado co contido do convenio.

Durante o período de vixencia do convenio, a entidade achegará:

- Infraestrutura necesaria para todas as actividades propias da Confraría, nos períodos que abrangue o convenio.
- A contratación do persoal necesario no marco da normativa aplicable vixente.
- Achega dos materiais que fosen precisos.

Capítulo 4.- Descrición do Convenio

A Confraría de Pescadores de Ferrol é unha entidade sen ánimo de lucro cunha longa tradición e experiencia na organización da pesca, traballando na promoción do sector e na defensa dos intereses económicos, sociais e corporativos dos profesionais do mar.

Os gastos de funcionamento da Confraría orixínanse dos propios servizos que provén: vixilancia dos bancos marisqueiros e percebeiros, control de capturas,



establecemento de plans de explotación dos recursos mariños e facilitación da comercialización dos mesmos na Lonxa que xestiona a Confraría, garantindo a todos os socios o cobro das súas capturas e o mellor prezo posible. Por outra banda, ofrécense aos socios outro tipo de servizos administrativos, coa preparación de documentos necesarios para o desenvolvemento da actividade pesqueira e marisqueira.

Froito destes conceptos, a Confraría incorre nunha serie de gastos en nóminas de persoal, seguridade social e analíticas da depuradora.

É intención do Concello de Narón a colaboración na cobertura destes gastos, a partir da memoria económica que para eles deberá achegar a entidade.

Os anteditos gastos deberán estar realizados entre o **01/01/2022 e o 31/10/2022**

Capítulo 5.- Obrigas

Son obrigas da Confraría de Pescadores e Mariscadores de Ferrol:

1º.- Acreditar **antes da aprobación do convenio** de colaboración a seguinte documentación:

- Memoria explicativa do proxecto ou proxectos a desenvolver, incluído un orzamento estimativo de gastos e ingresos:
 - Actividades ou programas desenvolvidos, con expresión de calendario e lugar de execución.
 - Obxectivos ou resultados acadados, características, estrutura e metodoloxía da actuación ou programa.
 - Número de beneficiarios desagregados por sexo.
 - Declaración de recursos humanos relacionados coa actividade ou programa: profesionais asalariados, voluntariado, etc.
 - Recursos materiais: descrición de instalacións e equipamento.
 - Orzamento de execución detallado con expresión do custo dos recursos humanos e materiais.



- Declaración responsable de estar legalmente constituída e inscrita no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Narón cos datos actualizados (Anexo A1).
- Declaración responsable do/a Presidente/a sinalando se a entidade obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calesqueira outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares, para a realización dos mesmos programas e actividades (Anexo A2).
- Declaración responsable do/a presidente/a de non concorrencia con outras axudas municipais para a mesma finalidade (Anexo 8).
- Autorización do/a presidente/a ao Concello para obter as certificacións de estar ao corrente ou non ter débedas coa Seguridade Social, a Agencia Estatal de Administración Tributaria e da Axencia Tributaria de Galicia (Anexos 11,12 e 13)
No caso de presentar as certificacións orixinais recabadas directamente pola entidade dos organismos citados, non será precisa esta autorización
- Declaración responsable do/a presidente/a de non estar incurso, tanto o asinante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para obter a condición de beneficiario previstas no art. 13 da Lei 38/2003 (Anexo A3).
- Modelo T-TES-01, do Concello de Narón, de datos bancarios, sempre que non consten neste Concello ou fose modificados, ou documento municipal que o substitúa.
- Declaración responsable do/a presidente/a do non ter obrigas pendentes de pago por reintegro subvencións (Anexo A4).
- Declaración responsable do/a presidente/a de que a entidade cumpre coa normativa vixente en materia de plan de autoprotección, de ser o caso (Anexo A5).
- Declaración responsable do/a Presidente/a de que os usuarios/as das actividades obxecto desta axuda están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias (Anexo A6).

2º.- Realizar os programas e actividades obxecto deste convenio.

3º.- Presentar a seguinte documentación para a **xustificación do convenio, ata o día 18/11/2022**, segundo o artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón:



- Pequena memoria das accións desenvolvidas. A memoria de actividades deberá contemplar a estrutura descrita no Anexo A7.
- Certificación expedida polo/a Secretario/a da entidade de execución das actividades obxecto do convenio.
- Relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago(Anexo A9).
- Declaración responsable do/a Presidente/a de que os usuarios/as das actividades obxecto desta axuda están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axitadamente ditas continxencias(Anexo A6).
- Publicitar en galego a subvención recibida seguindo as seguintes normas:
 - No local da entidade deberá figurar na entrada ou recepción unha placa ou cartel, visible, indicando a colaboración do Concello de Narón coa expresión do escudo do concello e a lenda “Entidade cofinanciada polo Concello de Narón no ano 2022” segundo o modelo do Anexo 10
 - No caso de campañas informativas, documentación propia de cada actividade, publicidade web, etc., a entidade deberá de utilizar o mesmo modelo do Anexo 10
 - A xustificación do cumprimento da publicidade farase mediante fotografía de primeiro plano e fotografía contextual da placa ou cartel na entrada da entidade, exemplares da propaganda impresa e enlace web onde estea inserida a publicidade
- Autorización do/a presidente/a ao Concello para obter as certificacións de estar ao corrente ou non ter débedas coa Seguridade Social, a Agencia Estatal de Administración Tributaria e coa Axencia Tributaria de Galicia (Anexos 11, 12 e 13)
No caso de presentar as certificacións orixinais recabadas directamente pola entidade dos organismos citados, non será precisa esta autorización
- Declaración responsable do/a Presidente/a sinalando se a entidade obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calesqueira outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares, para a realización dos mesmos programas e actividades (Anexo A2).
- Declaración responsable do/a presidente/a de non concorrencia con outras axudas municipais para a mesma finalidade (Anexo 8).



- Declaración responsable do/a Presidente/a de non estar incurso, tanto o declarante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvención da Administración públicas previstas no at. 13 da Lei 38/2003 (Anexo A3).
- Declaración responsable do/a presidente/a do non ter obrigas pendentes de pago por reintegro subvencións (Anexo A4).
- Declaración responsable do/a presidente/a de que a entidade cumpre coa normativa vixente en materia de plan de autoprotección, de ser o caso (Anexo A5).

Atendendo ao artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as declaracións responsables correspondentes aos anexos A3, A4 e A5 non será necesario presentalas na xustificación (sempre que se manteña o cumprimento das obrigas ás que fan referencia) porque xa foron achegas no seu momento para a firma do convenio, e o mencionado artigo establece que as declaracións responsables son válidas durante o periodo de tempo inherente ao recoñecemento ou exercizo deste convenio. No caso de producirse algún cambio, este deberá ser comunicado debidamente ao Concello de Narón.

4º.- Outras obrigas

- Someterse ás actuacións de comprobación e control previstas no parágrafo d) do apartado 1 do artigo 15 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Remitir os informes, certificados e demais documentos que reclame o Concello, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- A entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos. **O importe a xustificar será o total do proxecto ou acción subvencionada. No caso de que a xustificación presentada non alcance o 100 por cento do proxecto adxudicado, a subvención reducirase proporcionalmente.**

Capítulo 6.- Compromiso económico, obrigas e sistema de abono



O Concello de Narón asume en concepto de contribución municipal a cantidade de 15.000,00 euros (quince mil euros)

Terá a consideración de subvención nominativa e como tal aparece recollida nos orzamentos desta entidade para o presente exercicio con cargo á aplicación orzamentaria 4330 48000.

O pagamento realizarase unha vez presentada e aprobada a xustificación do convenio, nos termos establecidos na cláusula quinta.

A responsabilidade de calquera circunstancia, dano ou prexuízo consecuencia da execución deste convenio e da realización das actividades que ten por obxecto, é exclusiva da Confraría.

O pagamento realizarase unha vez presentada e aprobada a xustificación do convenio, nos termos establecidos na cláusula quinta.

As actividades comprendidas neste convenio desenvolveranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2022**.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, dentro dos que se inclúen a contratación do persoal necesario e o pago dos seus salarios (incluída a seguridade social), material para as actividades, os seguros necesarios para a cobertura da realización das actividades, gastos de xestión, comunicacións, publicidade, e outros gastos relacionados directamente coas actividades conveniadas.

Enténdese para estes efectos como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio, e que se realizou no prazo establecido para o desenvolvemento do mesmo.

Os pagos en efectivo terán que axustarse ao límite que estableza a normativa de aplicación en cada momento.

Deste xeito, melloramos a eficiencia da xestión pública, facilitamos a utilización de medios e servizos públicos e contribuimos á realización de actividades de utilidade pública.

A efectos do disposto no artigo 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, e no artigo 75 do R.D.887/2006, do 21 de xullo, Regulamento que



desenvolve a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, **para a xustificación deste convenio presentarase unha conta xustificativa simplificada.**

Capítulo 7.- Vixencia, revisión e resolución

Vixencia. O presente convenio supón a anulación de calquera convenio de data anterior e terá vixencia dende o **01/01/2022 ata o 31/10/2022** referíndose a todas as actividades realizadas dende o comezo da vixencia contidas no texto do documento.

Revisión, causas e contidos. O convenio poderá revisarse cando as circunstancias, finalidade ou obxecto para o que fose concibido variase substancialmente.

Resolución. Nos casos puntuais contemplados na normativa vixente, e cando non se estea a cumprir o obxecto do convenio, interpretado discrecionalmente polo concello de Narón de acordo cos criterios fixados na normativa legal aplicable.

Capítulo 8- Avaliación, seguimento e interpretación:

No caso de detectarse incidencias ou dúbidas no desenvolvemento do convenio, estas serán tratadas a través dunha comisión composta por:

- O Concelleiro Delegado de Promoción Económica.
- A Técnico de Promoción Económica e Programas de Cooperación
- A Patroa Maior (ou persoa en quen delegue).

De persistir as incidencias ou dúbidas, a interpretación das mesmas será resolta por Resolución de Alcaldía.

Capítulo 9.- Réxime de compatibilidades:

A subvención concedida a través deste convenio será compatible con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

A subvención concedida a través deste convenio será incompatible con outra subvención para o mesmo proxecto, procedente de Promoción Económica, outra área ou outra concellería do Concello de Narón.

Capítulo 10.- Natureza xurídica:



O presente convenio ten natureza administrativa, subscribíndose no ámbito de aplicación de: Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais
- vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o regulamento da Lei 38/2003.
- Lei 9/2007, de 13 de xullo, de Subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que aproba o regulamento da Lei 9/2007.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.
- Bases de execución do orzamento do ano en curso

A subscrición do presente convenio non ten carácter contractual e non implicará relación contractual algunha entre o Concello de Narón e as persoas que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.

Serán competentes para coñecer de cantos litixios puideran xurdir entre as partes, como consecuencia do presente convenio, os Xulgados do Orde Xurisdiccional Contencioso- Administrativo de Ferrol.

E en proba de conformidade co anterior asinan este documento, e a un só efecto, en Narón na data de sinatura do documento

Polo Concello de Narón

Pola Confraría de Mariscadores

A Alcaldesa-Presidenta

A Patroa Maior

Marián Ferreiro Díaz

M^a Isabel Maroño Vázquez



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A1

Dna con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
con CIF: e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade que represento está legalmente constituída.

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a ____ de _____ de 2. ____

Asdo.: _____



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A2

Dna con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
..... con CIF:
..... e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

- Que a entidade NON SOLICITOU outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento do/a subvención/ convenio.
- Que a entidade SOLICITOU outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento do/a subvención/ convenio.

Relación de axudas, subvencións, ingresos obtidos.

ENTIDADE	IMPORTE	ESTADO (1)

- Que para o financiamento do/a convenio/subvención, a entidade realiza a seguinte achega

DESCRICIÓN	IMPORTE

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

....., a ____ de de 2. ____

Asdo.: _____

(1) Solicitada/Ingresada/Pendente



ANEXO A3

Dna con DNI:
....., en calidade de Presidente da entidade
.....
con CIF: e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade nin o declarante están incursos nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarios ou percibir subvencións da Administración pública, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a ____ de _____ de 2. ____

Asdo.: _____



ANEXO A4

Dna con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
con CIF: e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a ____ de _____ de 2. ____

Asdo.: _____



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A5

Dna con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
con CIF: e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que o local da entidade que represento no que se desenvolven as actividades obxecto de subvención/convenio CUMPRE coa normativa vixente en materia de plans de autoprotección.

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a ____ de _____ de 2. ____

Asdo.: _____



ANEXO A6

Dna con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
con CIF: e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que os usuarios/as das actividades obxecto desta subvención /convenio **ESTÁN CUBERTOS** por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias, que dispoño da documentación que así o acredita e que me comprometo a manter o seu cumprimento durante o exercicio das actividades.

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteiores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a ____ de _____ de 2. ____

Asdo.: _____



ANEXO A7

Memoria de actividades

Deberase cubrir unha memoria por actividade subvencionada/conveniada

1. Datos da actividade

Denominación

--

Descrición

--

2. Fundamentación

2.1. Fundamentación legal da actividade

--

2.2. Fundamentación institucional da actividade

--

2.3. Fundamentación técnica da actividade

--

3. Obxectivos

3.1. Obxectivo xeral

--



--

3.2. Obxectivos específicos

4. Indicadores de avaliación (se procede)

5. Calendario de realización

--

6. Lugar de execución

--

7. Destinatarios/as

--

8. Metodoloxía/organización da actividade

--

9. Recursos humanos

Nome, apelidos e DNI da persoa ou persoas que desenvolve a actividade	Custe inicial	Custe final



CONCELLO DE NARÓN

Total custe dos recursos humanos		
----------------------------------	--	--

10. Recursos materiais	Custe inicial	Custe final
Nome instalación:		
Materiais:		
Equipamentos:		
Subcontratación da actividade (nome da empresa):		
Total custe recursos materiais		

11. Resumo de custes	Custe inicial	Custe final
Total recursos humanos		
Total recursos materiais		
Total recursos humanos + materiais		

12. Resultados

13. Proba documental da publicidade efectuada sobre o cofinanciamento da actividade
<input type="checkbox"/> Fotografía de primeiro plano do cartel abicado na instalación da entidade (obrigatoria)
<input type="checkbox"/> Fotografía contextual do cartel abicado na instalación da entidade (obrigatoria)
<input type="checkbox"/> Dirección web da publicidade en internet (indicar cal)
<input type="checkbox"/> Outra publicidade efectuada (indicar cal)

14. Observacións ou comentarios



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A8

Dna con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
con CIF: e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

- Que NON EXISTE concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención/convenio.
- Que EXISTE concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención/convenio.

Relación de axudas.

AREA	IMPORTE	ESTADO (1)

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a ____ de _____ de 2. ____

Asdo.: _____

(1) Solicitada/Ingresada/Pendente



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A9

Relación clasificada dos gastos e inversión da actividade, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago:

Entidade:
Ano:
Actividade conveniada

Nº	Fra. Nº	Titular da fra.	Concepto gasto	Importe total fra.	Importe da fra. destinado ao proxecto	Importe imputado ao convenio	Data de emisión	Data de pago	Forma de pago ¹
1				€	€	€			
2									
3									
4									
5									
6									
7									
8									
9									
10									
11									
12									
13									
14									
15									
16									
17									
18									
Total gasto xustificado						€	€		

¹Transferencia, M=Metálico, C=Talón/Cheque

ANEXO A10



ENTIDADE COFINANCIADA POLO CONCELLO DE NARÓN NO ANO 2_____



ANEXO 11

AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA O CONCELLO DE NARON POIDA RECABAR DATOS DA SEGURIDADE SOCIAL DE ESTAR O CORRIENTE NO CUMPRIMENTO DAS SUAS OBRIGAS CON ESTA ENTIDADE (CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCÍONS)

A persoa abaixo asinante autoriza ao **CONCELLO DE NARON** a solicitar da Tesoureria xeral da Seguridade social, os datos relativos ao **cumprimento das súas obrigas coa seguridade social**, para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para a tramitación do convenio do ano ----

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 11 da LOPD , previa autorización do interesado, a cesión dos datos de que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA SUBVENCIÓN/AXUDA DETALLADA

APELIDOS E NOME / RAZÓN SOCIAL	
NIF	
SIGNATURA (SÓ NO CASO DE PERSOAS FÍSICAS)	

B.- DATOS DO AUTORIZADOR (SÓ NO CASO DE QUE SEXA UNHA PERSOA XURÍDICA OU UNHA ENTIDADE DO ARTIGO 35.4 DA LEI XERAL TRIBUTARIA)

APELIDOS E NOME	
NIF	
ACTÚA EN CALIDADE DE: REPRESENTANTE:	
SIGNATURA	

En Narón, a

NOTA: a autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao **CONCELLO DE NARON**



ANEXO 12

AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE O CONCELLO DE NARON POIDA RECABAR DATOS DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA DE ESTAR AO CORRIENTE NO CUMPRIMENTO DAS SUAS OBRIGAS (CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCÍONS)

A persoa abaixo asinante autoriza ao **CONCELLO DE NARON** a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos ao **cumprimento das súas obrigas tributarias** para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para a tramitación do convenio do ano----

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no *artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria* que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA SUBVENCIÓN/AXUDA DETALLADA

APELIDOS E NOME / RAZÓN SOCIAL	
NIF	
SIGNATURA (SÓ NO CASO DE PERSOAS FÍSICAS)	

B.- DATOS DO AUTORIZADOR (SÓ NO CASO DE QUE SEXA UNHA PERSOA XURÍDICA OU UNHA ENTIDADE DO ARTIGO 35.4 DA LEI XERAL TRIBUTARIA)

APELIDOS E NOME	
NIF	
ACTÚA EN CALIDADE DE REPRESENTANTE:	
SIGNATURA	

En Narón, a

NOTA: a autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao **CONCELLO DE NARON**.



ANEXO 13

AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE O CONCELLO DE NARON POIDA RECABAR DATOS DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA DE ESTAR AO CORRIENTE NO CUMPRIMENTO DAS SUAS OBRIGAS (CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS)

A persoa abaixo asinante autoriza ao **CONCELLO DE NARON** a solicitar da Axencia Tributaria de Galicia os datos relativos ao **cumprimento das súas obrigas tributarias** para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para a tramitación do convenio do ano----

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no *artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria* que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA SUBVENCIÓN/AXUDA DETALLADA

APELIDOS E NOME / RAZÓN SOCIAL	
NIF	
SIGNATURA (SÓ NO CASO DE PERSOAS FÍSICAS)	

B.- DATOS DO AUTORIZADOR (SÓ NO CASO DE QUE SEXA UNHA PERSOA XURÍDICA OU UNHA ENTIDADE DO ARTIGO 35.4 DA LEI XERAL TRIBUTARIA)

APELIDOS E NOME	
NIF	
ACTÚA EN CALIDADE DE REPRESENTANTE:	
SIGNATURA	

En Narón, a

NOTA: a autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao **CONCELLO DE NARON**.